



Facultade de Filoloxía

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e
literarios

Curso académico 2016/2017

Traballo Fin de Grao

A poesía pondaliana: roteiro xeográfico/literario

Autora: Varela Bermúdez, Uxía

Titor: Ferreiro Fernández, Manuel

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
OBXECTO DE ESTUDO	5
DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS	6
XUSTIFICACIÓN SOBRE A ELECCIÓN DO TEMA	8
METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN DO TFG	9
PROPOSTA PARA A CREACIÓN DUN ROTEIRO PONDALIANO	22
CONCLUSIÓNS	46
BIBLIOGRAFÍA CITADA	48
ANEXO I	50

Resumo: A creatividade é, en todos os sectores, un ingrediente necesario para mellorar as expectativas dos clientes no mercado. No turismo, a creatividade é máis importante aínda, xa que é un sector cada vez máis dinámico e competitivo, onde as experiencias memorables cobran un maior sentido e as emocións son un compoñente complementario de grande relevancia. A través deste traballo búscase estudar e propoñer unha nova alternativa turística á oferta da ruta pondaliana xa existente en homenaxe a figura de Eduardo Pondal utilizando unha metodoloxía baseada na interpretación do patrimonio, seleccionado diferentes recursos turísticos que formaron parte da obra e vida do poeta bergantiñán.

Palabras chave: Turismo literario, Ruta Pondaliana, Patrimonio, Interpretación.

Abstract: Creativity is, in all sectors, an ingredient required to improve customer`s expectations within the marketplace. In tourism sector, creativity is a key component because of this sector increasingly dynamic and competitive, where memorable experiences and emotions are relevant complements to take into account. This project examines and suggests a new different tourism`s alternative from the previous one which was focused on The Pondal Route. The methodology used in this project is based on the interpretation of heritage, taking into account tourist resources specially based on the life and poetical activity of the Bergantiño`s poet.

Keywords: Literary Tourism, The Pondal Route, Heritage, Interpretation.

INTRODUCCIÓN

O fenómeno do turismo atópase en continuo movemento; para iso, a innovación e a creatividade son ferramentas imprescindíbeis no sector, non soamente para alcanzar o éxito empresarial, senón tamén para que unha empresa poida subsistir nun mercado turístico cada día máis competitivo. Hoxe en día os turistas perseguen as vivencias máis orixinais e persoais, experiencias que lles garantan o consumo dunha actividade emotiva. Coa realización deste proxecto pretendemos estudar a potencialidade dunha serie de recursos turísticos a partir da obra e da vida do escritor Eduardo Pondal, así como valorarmos se son aptos ou non para o público, proponendo posteriormente a creación dunha ruta pondaliana e a súa consecuenta dinamización desde a cidade da Coruña. A continuación, tamén pretendemos promover a lingua e a literatura galegas por medio do propio roteiro. O proxecto conta cun total de seis seccións e de cinco anexos. O primeiro capítulo expón o tema principal, que será estudado ao longo de todo o proxecto. As dúas seccións seguintes falan dos obxectivos que se esperan acadar co traballo, ademais da xustificación da elección do tema a tratar. A seguir, preséntase o marco teórico, que abarca os conceptos con que se relaciona o tema do xeral ao particular, e o marco metodolóxico, isto é, a metodoloxía empregada para conseguir os obxectivos propostos. Logo son presentados os resultados obtidos e a posterior análise dos resultados, na cal se valora se realmente se acadaron os obxectivos propostos. Na sección de conclusións, faise unha reflexión final sobre o que se conseguiu con este proxecto e, para finalizar o proxecto, preséntanse as fontes de información. Agárdase que coa realización deste resumo fiquen máis claros de que xeito se realizou o proxecto, o cal foi posíbel grazas ás competencias acadadas no Grao en Galego e Portugués entre os anos 2013-2017.

OBXECTO DE ESTUDO

A obra literaria do escritor Eduardo Pondal preséntase como unha oportunidade de estudo dentro do ámbito turístico, pois o poeta pontecesán percibía as paisaxes do seu contorno simulando ser, en algunhas ocasións, un guía turístico nado noutra época que nos está a describir a natureza que caracteriza a Costa da Morte.

O estudo deste caso consiste en valorar, a partir da selección dos recursos, a potencialidade dos mesmos para o dispor do público. Estes recursos seleccionados previamente teñen en común que todos formaron parte da vida e obra do propio autor, moitos deles mencionados na súa obra literaria. A xeografía bergantiñá, a través da constante evocación dos “eidos nativos” e da súa toponimia, constituirá o marco simbólico para a maior parte da produción do poeta.

Despois de estudar a potencialidade dos recursos, o seguinte que se ten por obxecto de estudo é reflexionar sobre se paga a pena ou non incluílos na lista de recursos aptos para ser visitados polo público, para acadar deste xeito unha adecuada dinamización, tanto da obra do propio autor como das futuras propostas.

Finalmente, o que se ten por obxectivo é estudar as posibilidades que poidan existir para propoñer a creación dunha ruta, poñendo ao dispor dos visitantes unha serie de recursos, comprendidos entre a cidade da Coruña e a vila de Ponteceso, cun alto valor interpretativo vinculado a literatura, as lendas, os mitos e a cultura máis tradicional da Costa da Morte e de Galicia.

DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O principal obxectivo do proxecto é identificar e levar a cabo unha análise dos recursos turísticos a que fixo referencia o escritor galego Eduardo Pondal nas súas obras e analizar as súas potencialidades para a posterior dinamización mediante o turismo para, desta maneira, acadar unha coidada difusión dos bens patrimoniais e a poboación poder tomar unha maior conciencia de valor dos mesmos e da necesidade de preservar o patrimonio no espazo e no tempo.

Co fin de reflectir cunha maior precisión os propósitos a alcanzar coa realización do proxecto, confeccionouse a seguinte táboa (Táboa 1), identificando ao mesmo tempo cal vai ser a metodoloxía empregada para acadar os obxectivos así como os resultados esperados:

Táboa 1. Descrición de obxectivos, metodoloxías e resultados propostos para o proxecto.

OBXECTIVOS	METODOLOXÍAS	RESULTADOS
Identificar e pescudar o verdadeiro estado de conservación dos recursos patrimoniais que poden formar parte da ruta pondaliana desde a cidade da Coruña até Ponteceso.	Realizar un traballo de campo baseado na observación panorámica non participante.	Acadar un diagnóstico xeral sobre a situación dos bens patrimoniais presentes no itinerario.
Creación dunha ruta baseada na interpretación do Patrimonio como medio	Seguir os principios interpretativos de Freeman	Alcance dunha actividade turística como son as visitas guiadas, incluíndo o

para a dinamización de recursos.	Tilden (2006: 36-37).	dinamismo e promovendo a participación do público.
Elaborar un mapa onde se aprecie o percurso da ruta pondaliana proposta.	Utilizar a aplicación <i>Qgis2017</i> ¹ .	Logro dunha alternativa turística que permita apreciar o percurso da ruta pondaliana da morte á vida (desde a cidade da Coruña).

Fonte: *elaboración propia*.

Con esta relación de propostas pretendemos revalorizar os bens patrimoniais incluídos na ruta pondaliana e que estes, coas accións anteriormente descritas, poidan ser máis coñecidos e apreciados polos visitantes, buscando así un público máis sensible co contorno e co patrimonio cultural mediante a interpretación e a creación de novas ideas. Preténdese lograr que os recursos patrimoniais perduren na memoria, a pesar de que algúns xa foron perdidos. Outros están en proceso de recuperación do estado de abandono en que estiveron durante un tempo, de modo que pretendemos a súa conservación mediante un adecuado uso turístico. Finalmente, e non menos importante, a necesidade de lembrar ao bardo Eduardo Pondal e a súa obra, parte primordial da herdanza do patrimonio galego en todos os seus ámbitos. O que se busca pois, é despertar interese pola lingua e cultura galegas, revalorizar os bens patrimoniais incluídos na ruta pondaliana e que poidan ser máis coñecidos e apreciados polos visitantes.

¹ Sistema de Información Xeográfica (SIG) de código libre.

XUSTIFICACIÓN SOBRE A ELECCIÓN DO TEMA

A idea de realizar o proxecto “A poesía pondaliana: roteiro xeográfico/literario” parte da preocupación pola escasa potenciación de recursos patrimoniais presentes na obra do gran escritor galego Eduardo Pondal, a fin de crear nun futuro unha ruta turística diferente, baseada na produción literaria² do poeta do Rexurdimento. Durante este período no século XIX, a lingua galega vive fenómenos contrapostos, xa que perde falantes, é obxecto de marxinación e desprezo de todo o aparello institucional do estado (escola, universidade, prensa, xustiza...), intensifícanse as interferencias lingüísticas existentes entre galego e castelán, existen comportamentos diglósicos etc, e, ao mesmo tempo, recupera a categoría de lingua literaria e de cultura da man de escritores como Eduardo Pondal. Outro motivo da miña escolla ten a ver co feito de incluír no itinerario recursos achegados ao meu lugar de nacemento (Ponteceso) e do propio autor. O interese nace, pois, da miña preocupación persoal por dinamizar este espazo como membro da poboación local. Esta preocupación nace da mala xestión dalgúns recursos existentes no Concello de Ponteceso e arredores e a posterior inquietude de revalorizar os recursos que se están a perder, tanto fisicamente como na memoria da poboación local. Freeman Tilden (2006: 57-58) asocia esta reacción coas súas premisas fundamentais na Interpretación do Patrimonio, xa que os recursos son relevantes porque se relacionan coa experiencia persoal do visitante. Cómpre aclarar que a posible ruta proposta da morte á vida do escritor Eduardo Pondal comeza na cidade da Coruña, lugar onde xacen os seus restos, até Ponteceso, localidade bergantiñá de nacemento do poeta: *Cando eu pasar desta vida, levádeme á Ponte-ceso* (PMb 20).

² As referencias e citas da obra lírica de Eduardo Pondal son feitas a partir da edición da súa *Poesía Galega Completa* (Pondal 1995, 2001, 2002) en Edicións Sotelo Blanco (Santiago de Compostela), coas seguintes siglas: QP (= *Queixumes dos pinos*, vol. I), PI (= *Poemas Impresos*, vol. II), PM e PMb (*Poemas Manuscritos, autógrafos e apógrafos*, respectivamente, vol. III).

METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN DO TFG

O marco teórico que fundamenta este caso de investigación sobre a ruta pondaliana, procura proporcionar ao lector un coñecemento máis amplo deste tema. Nesta sección, pois, trataranse conceptos moi básicos e específicos, tales como os termos do patrimonio cultural ou do Rexurdimento literario, moi ligados ao eixo principal deste proxecto, así como outros máis complexos e abstractos, como será a breve explicación sobre a evolución e propagación do turismo literario en Galicia.

A Real Academia Galega ³(RAG) indica que o termo *patrimonio*, do latín *patrimonium*, posúe as seguintes acepcións

1. Conxunto de bens que herda unha persoa.
2. Conxunto de bens propiedade dunha persoa ou unha entidade.
3. Conxunto de cousas materiais ou inmateriais de certa antigüidade e importancia recoñecida, cuxo obxecto é o estudo do patrimonio nun contexto cultural e literario.

No caso que nos ocupa, é a terceira definición a máis axeitada neste traballo en que o obxecto é o estudo do patrimonio nun contexto cultural, histórico e literario.

O patrimonio depende da conciencia das persoas e do seu interese por preservalo e coidalo no espazo e no tempo. Pode dicirse que, no caso das torres de Cillobre ou do castro de Cances (recursos presentes na que nun futuro poderá ser a ruta pondaliana desde a cidade da Coruña), ao igual que en moitos outros, fracasou a xestión do patrimonio. A conservación é, polo tanto, clave.

³ Real Academia Galega. *Diccionario da lingua galega*.
En liña en: <http://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/patrimonio>

A interpretación do patrimonio é o fío condutor necesario neste proxecto para asentar as bases da futura creación da ruta pondaliana. É o principal tema sobre o que xira a ruta de Pondal, pois, a través das técnicas interpretativas, temos unha oportunidade de crear un vínculo especial entre os bens e o turista que faga que a conciencia cultural e sentimental do visitante aumente. Así, o contido e a forza da mensaxe que se pretende transmitir coa interpretación pode producir cambios positivos na actitude do visitante, de modo que motiven a este a respectar e admirar os recursos turísticos presentes na futura ruta, así como manter os bens que xa non se atopan en tan bo estado de conservación.

Por tanto, unha adecuada interpretación do patrimonio pode producir emotividade no visitante, sempre e cando se leven á práctica unhas técnicas de exposición e presentación singulares e creativas que atraian a curiosidade do turista. A clave está en diferenciarse das técnicas máis usuais e crear outras novas e diferentes que rompan coa tradición.

Por outra banda, está a dársele recoñecemento a Eduardo Pondal, autor do Rexurdimento, quen tratou de mudar a consideración negativa que existía na sociedade con respecto ao uso e ás calidades da lingua galega apoiándose de argumentos de prestixio (galego medieval, orixe latina...), argumentos de utilidade (lingua maioritaria, idioma internacional, o portugués...), argumentos de identidade (sinal de identidade colectiva, herdo familiar, unión cos devanceiros...). Os escritores do XIX pretendían ampliar os ámbitos de uso do idioma galego recuperando o espazo da literatura, introducíndoo na prensa periódica e demandando o recoñecemento oficial do galego e a súa implantación nos diferentes niveis. Asemade, pretendían estudar, depurar e perfeccionar o idioma galego sendo desta época as primeiras gramáticas e dicionarios.

Con todo, o seu papel principal era o de reivindicar o pasado histórico e o carácter de Galiza como pobo que ostenta todos os requisitos esixibles a unha nación (lingua e cultura propias, territorio, conciencia colectiva...) con dereito a gobernarse por si mesmo (Hermida 1995: 82-86). “Unha boa parte da súa obra foi composta tendo en mente a ideoloxía de combatividade cívica e alporizadora das inquedanzas do pobo galego” (Amado Ricón, 1981: 110).

Dentro do marco metodolóxico, para poñer de manifesto cal é a metodoloxía de calquera proxecto, cómpre determinar de forma clara cales son os propósitos que se pretenden acadar co mesmo. Para acadar este obxectivo realizouse un traballo de campo fundamentado na observación panorámica non participante coa finalidade de clasificar e avaliar os recursos patrimoniais. En definitiva, con esta acción poderase conseguir un diagnóstico xeral sobre a situación de conservación de cada un destes recursos.

En primeiro lugar, identificouse un marco de partida da investigación, que no caso que nos ocupa é o itinerario que vai desde a cidade da Coruña até o Concello de Ponteceso, para localizar e observar distintos recursos potenciais que forman parte da vida do escritor.

A interpretación do patrimonio é o fío condutor necesario neste proxecto para asentar as bases da futura creación da ruta pondaliana desde a cidade da Coruña. É o principal tema sobre o que xira a ruta de Pondal, pois a través das técnicas interpretativas temos unha oportunidade de crear un vínculo especial entre os bens e o turista, que faga que a conciencia cultural e sentimental do visitante aumente.

Táboa 2. Pretensións coa interpretación do patrimonio.

A INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO DEBE PRETENDER:
--

Involucrar ao público para que participe de maneira activa.
Entreter, mais de unha maneira positiva.
Causar no público unha serie de sensacións: sensibilidade, conciencia e curiosidade.
Presentar o patrimonio sen falsear a realidade.
Adaptarse a todos os públicos e saber transmitir unha mensaxe adecuada en función do tipo de asistente.
Estar inmersa na poboación local, o que permitirá unha serie de vantaxes para a mesma.

Fonte: *Elaboración propia.*

Grazas á existencia do patrimonio cultural en cada territorio e a súa conservación e difusión no tempo, o concepto de turismo puido consolidarse tal e como o coñecemos na actualidade, polo que queda claro que ambos termos se relacionan directamente.

Como se mencionou anteriormente na sección de obxectivos do proxecto, o principal propósito do TFG é asentir as bases para a futura creación dun produto turístico baseado nos bens patrimoniais a que fai alusión o poeta Eduardo Pondal nos seus poemas. Estes bens correspóndense con recursos turísticos de todo tipo, desde espazos naturais a manifestacións culturais históricas e monumentos que, á súa vez, ocultan lendas moi interesantes.

Resulta obvio, por tanto, que a maioría dos recursos patrimoniais que formarán parte da ruta pondaliana desde a cidade da Coruña se engloban dentro do turismo cultural e natural. Porén, este proxecto xira en toda a súa totalidade en torno ao turismo literario, unha nova forma de turismo que vén directamente da man do acervo cultural e que se está desenvolvendo con gran intensidade no noso país, probablemente provocado polo desexo do lector de recrear eses mesmos lugares onde transcorren os sucesos. Marta Magadán Díaz e Jesús Rivas García (2011: 11-12) presentan este tipo de turismo como unha modalidade de turismo cultural dedicado a visitar aqueles lugares onde se atopan

elementos, como por exemplo museos, casas-museo, universidades, cafetarías etc. onde teñen lugar eventos que, dalgunha maneira, tiveron influencia nas grandes obras ou autores da literatura universal. Isto podería levar consigo facer a ruta dun personaxe de ficción dunha novela, visitar a singular configuración xeográfica e espacial dunha historia ou mesmo facer o seguimento da historia vital dun novelista.

Así, o turista literario busca adiviñar coa súa visita o motivo polo que o seu escritor favorito se inspirou nese espazo xeográfico, e, ao mesmo tempo, como esa escritura foi capaz de crear, grazas ao universo literario persoal de cada autor ou autora, un destino atractivo onde atoparse co universo, cos personaxes e coa vida do propio autor. Esa atracción polos espazos xeográficos vinculados aos escritores dá orixe a que moitos afeccionados á lectura decidan visitar os lugares que inspiraron os poemas, así como o lugar de nacemento ou norte de un determinado literato coa finalidade na maioría dos casos de querer comprobar o parecido entre a realidade e a descrición da obra literaria.

A seguinte táboa (Táboa 3) sintetiza as razóns que motivan aos turistas a visitar espazos literarios:

Táboa 3. Principais motivos polos que os turistas visitan espazos literarios.

RAZÓNS POLAS QUE OS TURISTAS VISITAN ESPAZOS LITERARIOS
1. Por ser o espazo que se relaciona coa vida do autor, a súa casa natal e o lugar onde escribiu as súas obras.
2. Porque os turistas literarios se ven atraídos polos espazos que aparecen no marco das obras literarias.
3. Porque os turistas poden viaxar aos escenarios presentes na obra servíndose da mesma como guía turística de viaxe.

Fonte: elaboración propia a partir da páxina web Biblioasturias. ⁴

Segundo un artigo publicado na web de Biblioasturias en referencia ao turismo literario, os turistas xa non só buscan a admiración de espazos paisaxísticos ou a visita a museos, senón tamén mergullárense na vida e na obra dos seus escritores favoritos. Segundo a visión dos turistas afeccionados á literatura, o turismo literario pode ser concibido como unha oportunidade para explotar novos destinos turísticos e atraer así aquel público desexoso de descubrir o acervo cultural e literario dun país. Desta maneira pode afirmarse que a literatura ten un gran potencial para poder converterse nunha fonte de riqueza económica, mediante a cal os activos literarios poden ser rendibles para crear consumo turístico. Moitos profesionais do sector tamén souberon apreciar a literatura como actividade turística e procederon ao seu aproveitamento dentro do turismo. Un bo exemplo disto son as cidades de París ou de Londres. Tal e como recolle a web de Biblioasturias, grazas a obra *O Código da Vinci*, arredor de medio millón de turistas viaxaron a París para seguiren o itinerario que se indica no libro. Pola súa parte, Londres conta cunha gran oferta turística ligado ao excursionismo e ás rutas temáticas motivadas por obras como *Harry Potter*, *As aventuras de Sherlock Holmes* ou *Jack O Destripador*. Ademais, na cidade de Londres, tamén se levou a cabo unha iniciativa coñecida como *Get London Reading* dedicada á interface de *Googlemaps*, onde a finalidade consiste en localizar sobre un mapa da cidade libros vinculados coa mesma, mostrando a modo de marcadores as portadas das diferentes obras literarias e manifestando, ao mesmo tempo, as súas peculiaridades.

Por outra banda, canto ao turismo literario en Galicia, podemos dicir que se atopa en pleno auxe. O itinerario literario máis destacado da comunidade galega é por excelencia

⁴ En liña en: <http://www.biblioasturias.com/turismo-literario/>

o creado en base á obra *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor, que percorre os bares do casco histórico da cidade de Ourense⁵. Este turismo ten por obxectivo principal a creación de fundacións, museos ou casas natais de autores, campo en que Galicia pode presentar múltiples recursos. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) elaborou un inventario chamado “Territorio das letras” con máis de noventa casas, pazos e edificios onde naceron e viviron moitos dos escritores do noso tempo. A intención é impulsar o seu recoñecemento. Ese inventario foi realizado co obxectivo de que estes recursos sexan declarados Bens de Interese Cultural⁶.

En xeral, pode dicirse que as catro provincias galegas están a explotar o turismo literario en maior ou menor medida. Logo de realizar unha busca en todas as fontes electrónicas galegas sobre a oferta turística literaria da comunidade, chegouse a conclusión de que na provincia da Coruña os principais expoñentes deste tipo de turismo son as figuras de Rosalía de Castro e Camilo José Cela⁷, cuxas obras fomentaron o interese dos turistas por visitar as casas onde viviron estes autores, na localidade de Padrón.

Resulta curioso que, cando se fala de turismo literario en Galicia, nas fontes electrónicas e bibliográficas non aparezan mencións que identifiquen a figura de Eduardo Pondal como un poeta recoñecido e admirado por todos os galegos.

O feito de vincular os seus poemas con recursos patrimoniais existentes no espazo outorga á figura do autor unha gran singularidade, produto da admiración do seu contorno e do territorio galego en xeral. Neste sentido, até se pode chegar a dicir que

⁵ En liña en: http://turismodeourense.gal/wp-content/uploads/2016/05/Roteiro_BlancoAmor.pdf

⁶ En liña en: <http://www.vivirgaliaturismo.com/turismo-literario-en-galicia/>

⁷ En liña en: <http://santiagoturismo.com/blog-mcs/ruta-rosaliana>

Pondal puido ser un precursor da promoción turística galega e do turismo literario da comunidade.

A propia vila de Ponteceso xa conta cunha ruta literaria en que os principais fíos condutores son catorce menhires que serven como guía do itinerario pondaliano chamado *Val Nativo*. Esta ruta literaria parte do monólito conmemorativo que está situado no paso fluvial de Ponteceso, recurso que se integrará na futura Ruta Pondaliana desde A Coruña, e remata no Monte Branco, tamén presente na que será a futura ruta que estamos a propoñer.

Neste contexto, cando se fala de ruta literaria cómpre ter claros estes dous conceptos. Por un lado, e segundo a Real Academia Galega, un *roteiro* é “unha sucesión de vías que se percorren ou que hai que recorrer para ir a algún lugar concreto ou que unen dous ou máis lugares entre si”, mentres que o termo *literario*, fai referencia a “todo aquilo que presenta características propias da literatura”⁸. Así, unindo ambos termos e partindo das definicións ofrecidas pola RAG, eu mesma definiría unha ruta literaria como o itinerario necesario que un turista debe percorrer para coñecer os espazos culturais relativos ás obras literarias.

Canto á metodoloxía do proxecto, o primeiro que se levou a cabo foi identificar un marco de partida da investigación, que no caso que nos ocupa é o itinerario que vai desde a cidade da Coruña até Ponteceso. O obxectivo perseguido é localizar e observar distintos recursos potenciais que foron apreciados e que formaron parte da vida de Eduardo Pondal. Para iso, previamente houbo que buscar documentación sobre a exacta localización dos mesmos en fontes electrónicas e crear unha ruta para posteriormente visitar cada espazo.

⁸ En liña en: <http://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/ruta>

No momento de realización do percurso da ruta proposta para o futuro, que se fixo en automóbil, os principais instrumentos que se utilizaron para a recollida de datos foron unha cámara, coa finalidade de recoller fotografías propias de cada recurso, e un diario de campo no que se apuntaron algúns detalles rápidos dos recursos.

No seguinte cadro, amósanse os espazos escollidos para o roteiro. Tamén se identifican cada un dos recursos segundo a súa categoría e, dentro de cada categoría, distínguense varios tipos. Existen dúas categorías:

- A) Recurso natural e paisaxístico
- B) Recurso histórico – monumental

A partir destas categorías, segméntanse en tipoloxías cada un dos recursos debido á necesidade de adaptalos persoalmente ao caso de investigación que nos ocupa. É por iso que, tal e como se recolle na táboa seguinte (Táboa 4), partindo dunha clasificación xeral, creouse outra clasificación propia distinguindo cada un por tipos, os cales se dispoñen ordenados por concellos e pola súa localización (desde a cidade da Coruña até Ponteceso):

Táboa 4. Relación entre os tipos de recursos e os seleccionados para o itinerario pondaliano

	Recurso litoral	Recurso fluvial	Paisaxes de relevo ⁹
--	------------------------	------------------------	--

⁹ Atendendo ás súas características naturais xeomorfolóxicas.

A) Recurso natural e paisaxístico	Praia de Baldaio (Carballo)	Río Anllóns (Ponteceso)	Miradoiro Monte Branco (Ponteceso)
	Praia de Razo (Carballo)		
	Praia de Barrañán (Arteixo)		
	Illas Sisargas (Malpica)		
	Praia do Osmo (Ponteceso)		

	Obras arquitectónicas e monumentais	Obras Técnicas	Patrimonio etnográfico
B) Recurso histórico-monumental	Torre de Hércules (A Coruña)	Antiga Pensión La Luguesa (A Coruña)	Cemiterio de Santo Amaro (A Coruña)
	Busto de Pondal (A Coruña)	Cova Céltica en Rego de Auga (A Coruña)	Castro de Cances (Carballo)
		Faro de Punta Nariga (Malpica)	Baños Vellos (Carballo)
		Reitoral/Sé da Fundación Eduardo Pondal (Ponteceso)	Monólito no paseo fluvial (Ponteceso)
	Casa natal do poeta (Ponteceso)		

Fonte: *elaboración propia*

Para crear unha ruta fundada na interpretación do patrimonio, esta debe acoller os recursos máis potenciais e con maiores oportunidades de seren explotados, sempre dun

modo sustentable, para garantirmos a súa perduración no espazo e no tempo. A finalidade de propor a ruta pondaliana desde a cidade da Coruña nace da necesidade de difundir a obra de Eduardo Pondal dun xeito novidoso, creando así unha nova alternativa turística complementaria á ruta pondaliana xa existente, *Val Nativo*. Trataríase dun itinerario que comezaría ao revés, iniciándose o seu percurso desde a morte até a vida do autor, isto é, desde o cemiterio de Santo Amaro até a casa onde naceu na *pequena* Ponteceso: “Eu nacín cabo de pinal espeso, eu nacín na pequena Ponteceso” (PI 18).

Neste caso de investigación, a ruta consistiría en realizar visitas guiadas incentivando a participación dos turistas como principio básico a seguir para acadar un itinerario creativo e dinámico que motive ao público a concienciarse sobre a importancia de protexer e admirar o patrimonio galego, así como a figura do bardo.

Por regra xeral, nunha visita guiada os visitantes participan dos propios recursos turísticos que visitan mediante a toma de fotos ou a gravación de vídeos. Porén, o que se pretende conseguir coa ruta proposta é que estes se involucren tamén facendo uso dos sentidos, logrando así que se emocionen coa propia planificación interpretativa baseada no patrimonio intanxible: lendas, historias e curiosidades que agocha cada lugar en cuestión.

A seguir, móstrase unha táboa (Táboa 5) onde se relacionan os elementos intanxibles ocultos nos recursos da ruta coas diferentes interaccións (entre guía de turismo e visitantes) que se propoñen para acadar unha adecuada e creativa visita guiada:

Táboa 5. Relación dos elementos intanxibles dos recursos coas posibles interaccións propostas

Elementos intanxibles asociados aos recursos	Posibles interaccións que esperten sentimentos
ANECDOTARIO	Referido a oficios tradicionais (leiteiras de Meicende), lugares de ocio (balneario de Carballo), naufraxios (Costa Bergantiñá), entre outros.
PASADO HISTÓRICO	Recreación coa participación do público, vestindo a indumentaria propia da época e recitando pequenos fragmentos asociados ao acontecemento.
SIMBOLOXÍA CÉLTICA	Facer referencia a aqueles lugares en que o bardo Eduardo Pondal personificou un topónimo, como acontece con Gondomil e referencias nos castros de Cances ou Nemeño.

Fonte: *Elaboración propia*

Sempre que se fala de planificación interpretativa, débese dar resposta a unha serie de preguntas, necesarias para determinar de forma clara a nosa metodoloxía:

- ✓ Que? Perséguese achar o método máis seguro e eficiente para levar a cabo unha adecuada comunicación sobre o patrimonio cultural, etnográfico e natural apreciado por Eduardo Pondal nas súas obras.
- ✓ A quen? Diríxese a todos os visitantes que teñan interese polo turismo literario e o patrimonio intanxible.
- ✓ Cando? No momento en que os visitantes o desexen, durante as súas vacacións ou os seus días dedicados ao ocio.

- ✓ Onde? Nun percurso que abarca desde A Coruña, pasando polos municipios de Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.
- ✓ Por que? Para acadar unha maior dinamización da obra de Eduardo Pondal, revelando información singular para o visitante co obxectivo de conseguir que este considere a importancia de admirar ao autor e de conservar o patrimonio.
- ✓ Como? Propoñendo a creación dunha ruta interpretativa en que se realicen visitas guiadas creativas como medio para garantir unha amena participación do público.
- ✓ Elaborar un mapa onde se aprecie o percurso da ruta pondaliana proposta.

PROPOSTA PARA A CREACIÓN DUN ROTEIRO PONDALIANO

O título do roteiro ten a ver con dous versos de Pondal referidos ao seu lugar de enterramento: “Cando eu pasar desta vida/ **levádeme a Ponteceso**” (PMb 20). Posto que a súa derradeira vontade non foi cumprida por motivos que non imos aquí relatar, queremos cumprir o seu derradeiro desexo coa creación deste periplo vital.


Cando eu pasar desta vida
levádeme á Ponteceso,
non vestido este meu corpo
de profano vestimento,
mas do saial de Francisco,
cinxido, humilde, sinxelo
(que, anque humilde non nacín,
humilde repousar quero),
e alí me sepultade
no monumento paterno.
Cando eu pasar desta vida,
levádeme a Ponteceso. (PMb 20).

Co fin de darmos cun roteiro pondaliano que fose quen de abarcar os concellos que Eduardo Pondal menciona nos seus poemas, creouse un mapa co programa informático *Qgis2017* que facilitará a comprensión do percurso proposto. Como xa se mencionou anteriormente, abarcará os concellos da Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo, Coristanco, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.



Asemade, creouse un mapa linear aclaratorio do mapa anterior co fin de situar os diferentes topónimos presentes na obra pondaliana.

Levádeme a Ponteceso



Na “meiga cibdá da Cruña¹⁰” transcorre unha parte moi importante na vida do autor de Ponteceso; é por iso que quixemos deixar constancia de diferentes espazos relacionados coa vida do escritor: Cemiterio de Santo Amaro, Pensión “La Luguesa”, Praza de María Pita, Cova Céltica ou Busto Pondaliano nos Xardíns de Méndez Núñez, instalado polo Círculo de Artesáns como homenaxe póstuma ao noso bardo.



Para o autor do himno galego, na súa obra é de importancia capital a bisbarra de Bergantiños, que cita nun coñecido poema “Ouh terra de Bergantiños” (QP 12) que se corresponde coa parte central da comarca. Recria nun territorio concreto da comarca unha serie de topónimos que citamos no mapa que se acompaña a seguir.

¹⁰ Cf. os versos de Curros en *Aires da miña terra*: “¡Ouh!, meiga cibdá da Cruña, / cibdá da torre herculina, / de xeneracións recordo máis fortes / que as de hoxe en día”.



A continuación, percorremos visualmente os lugares citados no itinerario proposto xunto co poema que xustifica a escolla:

1. Cidade da Coruña.

1.1. Cemiterio de Santo Amaro



Na segunda parte do poema “Levádeme a Ponteceso” (PMb 20) , o autor suxire que o sepulten na *Cruña* onde repousan tamén outros persoeiros como Murguía ou Curros.

Na foto: lugar de enterramento do autor.

*Se non for na Ponte-Ceso
sepultádeme na Cruña,
nesta garrida ciudade
que mil bellezas aduna,
a cabo do insigne Curros
—que Vicenti ilustre xuzga—,
que de Breogán a fala
fixemos nobre e robusta,
que quero xacer de par
de tan nobre sepultura.
Se non for na Ponteceso,
sepultádeme na Cruña. (PMb 20).*

1.2. Praza de María Pita



No multitudinario enterro de Eduardo Pondal, o 9 de marzo de 1917 toda a corporación acompaña ao coche fúnebre en uniforme de gala. Asisten representantes de

diversas institucións públicas e privadas que sufragaron os gastos do seu pasamento. Os comercios cerraban ao paso do cadaleito; naquel primeiro terzo do século XX, a cidade da Coruña enterrou institucional e profundamente o poeta Eduardo Pondal como o Bardo do pobo galego que facía un chamamento ao uso da lingua galega como lingua xeral.

Na foto: praza de María Pita

Miniñas da Cruña,
d'amabre despexo,
de falas graciosas
e pasos lixeiros,
deixá de Castilla
os duros acentos:
falade miniñas,
falade gallego.

Cand' é que vos ouzo,
a patria esquecendo,
falar esas duras
palabras de ferro
non sei o que sufro,
non sei o que peno:
falade, miniñas,
falade gallego.

Mas cando falades
nos patrios acentos,
envoltos no voso
anxélico alento,
parece que escuito
un canto do ceo:
falade, miniñas,
falade gallego. (PI 21).

1.3. Pensión “La Luguesa”.



Nesta pensión (inexistente na actualidade) pasou os derradeiros anos da súa vida Eduardo Pondal. Unha placa na fachada do edificio da rúa Juana de Vega lembra a súa presenza neste aloxamento.

Na foto: Pensión “La Luguesa”, Juana de Vega.

1.4. Torre de Hércules



Segundo a lenda, Breogán, fillo de Brath, foi o caudillo celta que se someteu as tribos de España. Despois de conquistar todo o territorio, fundou a cidade de Brigantia (A Coruña) e construíu xunto a ela unha torre denominada Breogán. Breogán é fonte de inspiración do bardo Pondal para a construción da letra do noso himno e doutros moitos poemas.

Na foto: Torre de Hércules

Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán. (PI 8).

1.5. A cova Céltica



Cova Céltica foi o nome que recibiu o faladoiro que mantiña o grupo de intelectuais galegos reunidos para debateren temas relacionados con Galicia e coa lingua galega.

Participaron escritores como Uxío Carré Aldao, Manuel Lugrís Freire, Manuel Murguía e Eduardo Pondal, entre outros. A Cova Céltica promoveu a creación da Escola Rexional de Declamación (1903), a Real Academia Galega e a Liga Galega (1897).

Na foto: Rúa Rego de Auga, na cidade da Coruña.

1.6. Busto de Eduardo Pondal



Homenaxe a Eduardo Pondal da man do Círculo de Artesáns da Coruña no cabo de ano do seu pasamento. A Institución organizou unha velada no Teatro Rosalía de Castro para xuntar fondos que se tiñan de empregar no levantamento deste busto nos xardíns de Méndez Núñez. Deron discursos personaxes como o Presidente do Círculo de Artesáns e tamén Manuel Casás.

Na foto: Busto de Eduardo Pondal (Xardíns de Méndez Núñez).

1.7. Meicende



Meicende destaca polo seu antigo oficio das leiteiras (mulleres que carrexaban o leite desde esta localidade até a cidade da Coruña para o venderen).

Na foto: Localidade de Meicende.

Erguendo a fenestrela
do coche, con voz deble
p'la fátiga e tremante,
lle dixen: “Boa Meicende,
venturosa, garrida,
na tú[a] doce pendente,
cando as túas rapazas
leven á Cruña o leite,
dille que o leven bo,
ben limpo e ben pracente,
para dar forza ao bardo de Brigandsia,
que rendido se sente”. (PI 25).

1.8. Sabón



Sabón é unha aldea costeira de Oseiro, no concello de Arteixo.

Na foto: Praia de Sabón.

Cuan tristes son as parolas
dos pinos co vento soán,
cando vou soñando a solas!
Cuan garridas son as olas
de Sabón e Barrañán!

Porque penso e pensarei,
e defenderme non sei,
na deslumbrante brancura
da garrida formosura
desnuda que tanto amei. (PM 82).

1.9. Barrañán



Barrañan é unha praia situada entre a punta alta e a do compás, cerca da aldea de campo, na parroquia de Barrañán, pertencente ao concello de Arteixo.

Na foto: praia de Barrañán.

Se fui na gandra de Carboeiro,
nos verdes d'Oca
ou de Buxán,
se nas alturas de Portomeiro,
se nas areas
de Barrañán. (QP 51).

1.10. Caión



Caión é unha vila mariñeira pertencente ao concello de A Laracha que conta con un museo do Mar.

Na foto: vila de Caión.

Escura está a noite,
sopra a tempestá,
se escuita o petrelo,
e os ventos do mar
azoutan os fachos
da costa longal
e fungan e brúan
cun triste fungar. (PMb 24).

1.11. Baldaio



Baldaio é un importante conxunto de praia e marismas, situado entre Razo e da Fonte, das parroquias de Noicela e Lema, ambas as dúas pertencentes ao concello de Carballo.

Na foto: praia de Baldaio

Cuanto admira o noso poeta,
cuanto admira este páxaro ousado,
que na gran liberdade voando
desprecia dos homes o pérfido trato,
súa vida infeliz desdeñando
como vida de viles e escravos!
quen pudera romper súas cadeas
e nos baixos vivir de Baldaio,
nas brancas rompentes
dos duros Miñarzos,
das feas Basontas
no lombo combado! (PMb 24).

1.12. Carballo



Carballo é a capital de Bergantiños, onde Eduardo Pondal pasa unhas longas tempadas. “Na etapa carballese 1890-1892 con breves estancias na Ponteceso, Coruña e Laxe, debeu ter relacións de carácter sentimental cun final pouco grato: segundo se comenta popularmente en Bergantiños, deixou descendencia na súa capital” (Ferreiro 2017: 51).

Na foto: o balneario de Carballo.

Fillo cativo da gandra,
carballo pequeno e torto,
quen vive tan solo e triste
máis lle valera vir morto.

Quédate na túa gandra,
carballo cativo e corto:
quédate con Dios, carballo,
carballo, carballo torto! (PI 45)

1.13. Coristanco, Cances, Verdes, A Pontedona, Buño → Terra de Bergantiños



Estes topónimos conforman a parte central da comarca de Bergantiños que comprende os concellos de A Laracha, Carballo, Coristanco, Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe.

Na foto: A Pontedona, aldea da parroquia de Xornes, pertencente ao concello de Ponteceso. Consérvase unha antiga ponte chamada Dona, sobre o Río Anllóns que separa esta parroquia do concello de Coristanco.

Ouh, terra de Bergantiños
Roxa ó arar, nobre e testa,
Doce a vista desde lonxe,
Donde vin a lus primeira!” (QP 12).

1.14. Illas Sisargas



As Sisargas son unhas illas situadas fronte a Malpica importantes polo seu interese faunístico para a nidificación de diversas especies de aves.

Na foto: as illas Sisargas desde a capela de Santo Hadrián.

Muitas veces nos matos nativos,
no crepúsculo fusco e calado,
s'escuita das aves
o rápido paso:
das aves aquelas
do pico tamaño
que són retirarse
dos rudos traballos,
d'escollos e praias
do fero Oceano,
e van en ringleira,
gritando e voando,
en demanda das illas Sisargas,
seu noto reparo. (QP 4).

1.15. Punta Nariga



O Faro de Punta Nariga está situado entre a punta do Roncudo, as illas Sisargas e o Cabo de Santo Hadrián, concello de Malpica de Bergantiños. Foi construído en 1995 mais funciona desde o ano 1998, obra do arquitecto César Portela.

Na foto: o faro de Punta Nariga

Da pasada mocidade,
cán diferente ora estás...!
Os verdes anos primeiros
Foxen como vento soán,
Do esquivo cabo Nariga
Antr'o espeso matorral. (QP 30).

1.16. Niñóns



Niñóns é unha parroquia costeira con unha praia no concello de Ponteceso onde, como sostén Eduardo Pondal, o mar bate con forza. Forma parte do sintagma “mar de Niñóns”, que se refire ao tramo costeiro que vai de Santa Mariña (Niñóns) até Punta Nariga (Barizo, Malpica). (Ferreiro 2017: 85).

Na foto: praia de Niñóns.

– Que barba non cuidada,
que pálida color,
que vestido, que longa
noncuranza afeou!
Quezais é algún malvado,
quezais é algún ladrón...
Miña madre, valédeme,
valédeme, por Dios.
Quezais é algún minguado,
qu’o xuício lle mancou.
Oh, que vista tan brava,
chea d’espanto e dor!
Non sei se me dá medo,
se me dá compasión:

*parece un pino leixado do vento
parece botado do mar de Niñóns.* (QP 5).

1.17. Corme



O cabo Roncudo localízase na parroquia de Corme-Porto, no concello de Ponteceso. É testemuña de numerosos naufraxios. O escritor pide a súa irmá Josefa Pondal Abente mediante unha carta, percebes deste lugar (véxase Ferreiro 1991: 187-188).

Na foto: cabo Roncudo.

Cando o bardo adolescente
á doce terra chegou,
a vista fixa, espantada,
pálida e terrenta a cor,
o duro cabo Roncudo
que de lonxe o contemprou,
admirado escaramara: “Certamente,
este perdío o corazón”. (PM 56).

1.18. Osmo



Osmo é o nome dunha praia situada cerca da Punta Arnela, na enseada de Corme-Porto no concello de Ponteceso.

Na foto: praia do Osmo.

Que diga o mariñeiro
rudo fillo do Osmo,
ó entrar pola Barra
volvendo o escuro rostro:
“Alí xaz o que fora
noutro tempo cantor do eido noso”. (QP 58).

1.19. Monte Branco



O Monte Branco, situado a carón de Ponteceso, é así “chamado pola súa cor branca debido a area da ría que o vento acumula nas súas abas” (Ferreiro 2017: 41).

Na foto: Monte Branco

Monte Branco, Monte Branco,
cando te vexo de lonxe
certo a soas triste pranto.
Pois as nosas alegrías
ós dous nos fono fallando:
a ti das túas areas
os ventos te despoxano;
a min tamén me fallecen
aqueles gustos pasados.
Ti negreas i eu teño a cabeza
chea de cabelos brancos! (QP 61).

1.20. Ponteceso



Eduardo Pondal naceu o 6 de febreiro de 1835 na “pequena Ponteceso”. Na fachada principal da casa está instalada unha placa desde 1981 que recorda o seu lugar de nacemento. A carón da casa, no paseo fluvial, un monólito de pedra deseñado polo artista Isac Díaz Pardo “na lembranza do seu pobo”.

Na foto: casa de Eduardo Pondal.

Eu nacín en agreste soedade,
eu nacín cabo dun agreste outeiro,
p’ronde o Anllóns, con nobre maxestade,
camiña ó seu destino derradeiro.
Eu non nacín en vila nin ciudade,
mas lonxe do seu ruído lisonxeiro:
eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso.

Uns naceno na máxica Granada,
outros naceno en Málaga famosa,
os outros en Sevilla nomeada,
ou outros en Valencia deleitosa;
uns na garrida Cadis, ben soada,
en Barcelona os outros, populosa:
eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso.

Amabre Ponteceso, anque pequena,
agreste certamente, mas garrida,
cando deixar a mundanal faena
teu bardo e for pasado desta vida,

non t'esquezas de quen, con faz serena,
dixo a toda ciudade fementida:
*"Eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponteceso"*. (PI 18)

CONCLUSIÓNS

Para dinamizar tanto os recursos estudados neste proxecto como a figura e obra de Eduardo Pondal, proponse crear unha ruta a través da planificación interpretativa, unha alternativa turística que ao fin e ao cabo é a proposta final sobre a que xira todo o estudo deste caso. Buscouse a forma de poñer ao dispor do visitante unha alternativa orixinal e diferente, facendo unha ruta inversa da morte á vida do autor, tamén como símbolo da súa permanencia na cultura galega. Por iso a denominamos *Levádeme a Ponteceso*.

Tamén se intentou buscar a maneira de que a proposta desta ruta diferise da outra xa existente en torno á figura de Pondal. *Val nativo* foi deseñada como un percurso que discorre polos lugares máis emblemáticos da vida do poeta e que está sinalizado por un total de catorce menhires como mostra do celtismo que recreaba nas súas obras. Porén, a proposta da ruta pondaliana desde a cidade da Coruña non só quere abarcar o pasado celta que inspirou a Pondal, senón que tamén pretende basearse no tratamento de outras temáticas presentes nos seus poemas e na súa biografía. A idea é descubrir en cada recurso que se presenta para a ruta os elementos intanxibles que envolven, así como outros sentimentos que Pondal percibía nas súas obras cando mencionaba estes monumentos ou lugares. Unha ruta guiada que ven máis alá da simple explicación do recurso, de provocar unha serie de sentimentos no público. É por iso que se recomenda sempre que a ruta sexa dinámica, creando un vínculo interactivo entre o visitante e a poboación local.

Considero que o papel da poboación local é fundamental para acadar non só que o visitante se interese polo testemuño extraído da obra pondaliana, senón tamén para espertar no público un sentimento de empatía e que este se amose receptivo e participe na interpretación, valore máis os recursos e se conciencie sobre a necesidade da súa

conservación. Tamén para motivar a participación da poboación local, de xeito que se sintan orgullosos da súa cultura e paisaxe, dos seus costumes e do seu pasado, os veciños da ruta deben ser os primeiros que se preocupen do estado de conservación deste ben. A idea clave é que se un ben coma este é conservado axeitadamente, a poboación da zona obterá importantes beneficios.

Sosteo que a ruta pondaliana proposta é unha ruta que chega ao visitante a través de Pondal e dos elementos intanxibles relacionados coa nosa cultura. Como ferramenta complementaria ás visitas guiadas, propónse tamén a creación dun tríptico literario de elaboración propia que serve de agasallo e lembranza para os visitantes que acudan á ruta (*Anexo I*). Por outra parte, propoño un estudo máis exhaustivo sobre as posibilidades que realmente existen de crear un produto turístico da ruta pondaliana desde a cidade da Coruña e, por suposto, investigar por medio dun estudo de mercado para atraer aos demandantes do turismo literario a este percurso. Cómpre, pois, na nosa opinión, que a ruta pondaliana se converta nun produto turístico que oferte tamén servizo de aloxamento, restauración e transporte. Tamén considero necesario que se faga unha planificación interpretativa máis completa a partir do xa iniciado e proposto neste proxecto.

Finalmente, na miña opinión, a recompilación de lendas, a recreación dun anecdotario e a exposición de simboloxía pondaliana sería unha ferramenta útil e, por conseguinte, un maior interese do visitante en percorrer esta parte do territorio galego. Deste xeito, tamén constitúe unha guía turística de dinamización da Comarca de Bergantiños en xeral.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

1. OBRAS

Alonso Otero, M. L. e Giadás Álvarez, L. A. (1998). *Itinerario bergantiñán do Padre Sarmiento*. A Coruña: Editorial Deputación Provincial da Coruña.

Cabeza Quiles, F. (2000). *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia: Editorial Toxosoutos.

Ferreiro M. (1991): Pondal: *Do dandysmo á loucura (Biografía e correspondéncia)*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Ferreiro, M. (2017). *Eduardo Pondal, o cantor do eido noso*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Ferreiro, M. (2017). *Esta é a terra dos eidos amigos. Escolma xeográfica da poesía pondaliana*. A Coruña: Deputación da Coruña.

Hermida, M. (1995). *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais.

Magadán Díaz, M. e Rivas García, J. (2011). *Turismo literario*. Vigo: Septem Ediciones.

Pondal, E. (1995): *Poesía Galega Completa*. Vol. I: *Queixumes dos Pinos*. Ed. de Manuel Ferreiro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Pondal, E. (2001): *Poesía Galega Completa*. Vol. II: *Poemas Impresos*. Ed. de Manuel Ferreiro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Pondal E. (2002): *Poesía Galega Completa*. Vol. III: *Poemas Manuscritos*. Ed. de Manuel Ferreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco

Ricón, A. (1981). *Eduardo Pondal*. Vigo: Editorial Galaxia.

Tilden, F. (2006): *La interpretación de nuestro patrimonio*, Sevilla: Asociación para la Interpretación del Patrimonio.

2. RECURSOS WEB

Báñes, E. *Turismo literario en Galicia*. Vivir Galicia, publicado o 31 de xaneiro do 2009. Recuperado de: <http://www.vivirgaliciaturismo.com/turismo-literario-en-galicia/www.digalego.com>

Magadán Díaz, M. e Rivas García, J. (2011). *Turismo literario*. Biblioasturias. Recuperado de: http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/grupos-cultural/pmorales_tcm7-13301.pdf

Organización Mundial del Turismo OMT (2008). *Entender el turismo: glosario básico*. Recuperado de: <http://media.unwto.org/es/content/entender-el-turismo-glosario-basico>
www.ponteceso.gal

www.rag.com

<http://santiagoturismo.com/blog-mcs/ruta-rosaliana>

ANEXO I

Tríptico informativo para os visitantes.

levádeme a Ponte-Ceso

Cando se pasan desta ponte levadeira a Ponte-Ceso non se está en ningún lugar de profano celebrando tras de anos de Francisco Meléndez, alcalde, alcalde, alcalde... que unque humildades nado, amizade repousa, gremio e ao al me espírito no momento pedora. Cando se pasan desta ponte levadeira a Ponte-Ceso. Se non for na Ponte-Ceso repouso na Ponte-Ceso, nada grande cidade que máis bellas cidade, a cidade de Ponte-Ceso, na que a del, a mala mesa a fele de Bragança, fuxaron máis a cidade.

levádeme a Ponte-Ceso

levádeme a Ponte-Ceso